

Síntese das características do uso público no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés


Manuel Cabalar Fuentes
Departamento de Xeografía.
Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

As terras da Baixa Limia teñen o privilexio de posuír un rico pasado histórico e unha natureza contrastada e de gran beleza, que lle outorgan unha personalidade inequívoca entre as comarcas de Galicia. As pegadas de diversas épocas históricas están presentes en numerosos lugares que sería longo citar, pero entre os que podemos destacar os numerosos xacementos Romanos asociados ó paso por estas terras dunha das calzadas mais importantes da Gallaecia: a Vía Nova. E como non, a súa relación con San Rosendo, a súa vida e a súa obra, tanto polo feito de ser unha das bisbarras mais estreitamente ligadas á xurisdición do Mosteiro de Celanova como por ser lugar de paso frecuente entre estas terras e o Norte de Portugal a través da Vía Nova. A isto únese o patrimonio material e inmaterial propio dunha área rural de montaña media matizado polo seu carácter fronteirizo e lonxano. A entorna natural, pola súa banda, ten o seu máximo expoñente no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, o mais extenso da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

O obxectivo principal deste traballo é facer unha aproximación ó estado do uso público do Parque Natural en base á situación da oferta e da demanda, que serán analizados mediante o emprego dunha escolma seleccionada de indicadores e elaboración de enquisas persoais a xestores e visitantes. Así pois, tras unha introdución descritiva do Parque Natural, o traballo abordará a fixación do concepto de uso público e a explicación das ferramentas empregadas na investigación, para a continuación entrar na parte analítica dos resultados obtidos na pesquisa.

Palabras chave: Espazo Natural Protexido, uso público, Baixa Limia-Serra do Xurés, Galicia.



1. O Parque Natural Baixa Límia-Serra do Xurés.

Síntese xeográfica e histórica

Este Parque Natural é un dos Espazos Protexidos máis extensos e coñecidos de Galicia. Cunha superficie de máis de trinta mil hectáreas, ocupa unha serie de cadeas montañosas de altitudes que roldan os 1.300 a 1.500 metros ubicadas no extremo Sur da comunidade, na provincia de Ourense (vid. Fig. Nº 1), formando parte da fronteira con Portugal (a chamada *Raia Seca*). Declarado Parque Natural en 1993, comprende unhas terras de montaña media onde os elementos máis destacados son unha combinación de valores paisaxísticos e faunísticos sobresaíentes no ámbito do Noroeste peninsular, unha ampla e valiosa bagaxe histórica, e a presenza de augas termais. Conforman unha grande unidade natural, histórica e cultural co veciño Parque Nacional portugués de Peneda-Gerês, o único ENP con esta categoría no país veciño, co que o Parque galego leva a cabo varias accións comúns de xestión e promoción. Estas actividades son os primeiros pasos con vistas a poñer en marcha un futuro Parque Transfronteirizo verdadeiramente funcional.

Estas terras presentan unha litoloxía granítica, moi fracturada e erosionada ó longo da historia xeolóxica, ata conformar paisaxes que nos amosan un catálogo completo de formacións típicas deste substrato litolóxico: castelos, caos de rochas, penedos, formacións menores (taffoni, marmitas...), fervenzas altas e fermosas (Corga da Fecha), cun aspecto en conxunto moi agreste (GONZÁLEZ et al, 1995). Estas rochas foron sometidas a movementos tectónicos que deixaron importantes fracturas que hoxe en día se manifestan en vales ben conformados (máis tarde retocados polo glaciario Pleistoceno), e na surxencia de mananciais de auga termal, moi apreciados dende hai miles de anos polas súas propiedades terapéuticas, especialmente nos entornos de Río Caldo (Lobios). O termalismo, efectivamente, é un dos principais focos de atracción de visitantes deste espazo natural, ben aproveitado a través da instalación dun hotel-balneario (Vila Termal de Lobios) e de pozas ó aire libre para o baño no enclave antes sinalado.

Outro elemento da máxima importancia do Xurés é a rica biodiversidade que acolle. Espazo de encrucillada entre as influencias atlánticas e as mediterráneas, presenta unha interesante mestura de especies de ámbolos dous mundos, en particular no tocante á vexetación, complexidade que se ve amplificada polos distintos rangos altitudinais e as orientacións diversas das cadeas montañosas. Porén, o intenso pastoreo e os incendios frecuentes teñen reducido as masas forestais, que os xestores do Parque perseguen recuperar paulatinamente¹. Imos destacar pola

¹ A zonificación do Parque establecida polo PRUX inclúe áreas especialmente dedicadas á recuperación dos bosques (Zona de Rexeneración Forestal) onde o uso público está permitido.

súa importancia simbólica o lirio do Xurés (*Iris boissieri*) belísima iridácea endémica galaico-portuguesa, unha das especies máis emblemáticas do parque natural, que ten aquí a maior poboación das tres coñecidas en España e que está considerada en perigo crítico de extinción (Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Xunta de Galicia, páxina web. Acceso o 25-5-2009). A fauna tamén presenta especies raras no Noroeste Peninsular como a aguia real, que aínda que non nidifica desde fai décadas utiliza habitualmente as serras como área para campar desde os seus territorios do Parque Nacional Peneda-Gerês en Portugal e da que se está intentando a súa reintrodución (Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Xunta de Galicia, páxina web. Acceso o 25-5-2009); e a cabra montesa, emblema do Parque Natural, da que en 1997 iniciouse a reintroducción con éxito. Esta especie, da que hai constancia histórica da súa presenza ata 1892 na área, constituía un endemismo local (*Capra pyrenaica* subsp. *lusitanica*) (Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Xunta de Galicia, páxina web. Acceso o 25-5-2009).




Fig. Nº1. Localización do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés

O Xurés posúe un valor histórico e artístico da máxima importancia. Por estas terras pasaba unha das calzadas romanas máis importantes da Hispania, a Vía Nova ou Vía XVIII do itinerario de Antonino, que comunicaba Bracara Augusta (Braga) con Asturica Augusta (Astorga). Deste xeito, consérvanse no Parque Natural e nas súas proximidades importantes vestixios da presenza Romana: tramos da propia Vía Nova que está a ser recuperada e promocionada (vid. fotografía Nº 1) como roteiro de sendeirismo, numerosos Miliarios que servían como marcadores de distancia, restos das termas que aproveitaban as mesmas augas que hoxe utiliza o balneario de Lobios (Aquis Originis), e restos dun antigo campamento militar (Aquis Querquennis) instalado para a vixiancia da Vía Nova² e á beira do cal existen numerosas surxencias espontáneas de auga termal aproveitadas para o baño. Pero non só os Romanos deixaron pegadas admirables do seu paso por estas terras. Non faltan restos prehistóricos e prerromanos como castros e mámoas, destacados exemplos de templos prerrománicos (Santa Comba de Bande, un dos mellores exemplos deste estilo en España, declarada Monumento Histórico-Artístico), e monumentos da Idade Media e Moderna. De todos eles, o máis digno de resaltar nas inmediacións do Parque é a soberbia igrexa barroca de Santa María a Real en Entrimo, tamén declarada Monumento Histórico-Artístico.

Pero ante todo, o Xurés destaca pola súa estreita relación coa vida e obra de San Rosendo, ilustre fundador do Mosteiro de Celanova e unha das personaxes máis importantes da Idade Media en Galicia. Esta relación comeza xa desde o seu nacemento pois anque a versión mais aceptada indica que naceu en Santo Tirso (Portugal) non faltan autores que sitúan a súa chegada ó mundo en Xermeade (Concello de Muíños) ou nalgunha localidade ignorada da cabeceira do val do río Salas (BANDE, 2006; citando a Rodríguez González). Tamén é unha incógnita o lugar no que transcorreu a primeira fase da súa educación, que algúns investigadores sitúan igualmente nas entornas do Xurés, no desaparecido convento de Santa María de Cela (BANDE, 2006). Do que non cabe dúbida algunha foi da súa prolífica vida como monxe, como guerreiro e como político, que o levou a percorrer en numerosas ocasións as sendas de Galicia. De seguro que en varias ocasións empregou a antiga Vía Nova para dirixirse de Galicia a Portugal e mais concretamente, de Celanova a Braga e viceversa (PIÑEIRO et al, 2007), polo que o Xurés acolleu a súa visita e proporcionoulle a súa hospitalidade con certa frecuencia.

Ademais da súa importancia histórica, o Parque suma o seu patrimonio tanxible e intanxible como espazo rural de media montaña e todo o que isto implica: un determinado hábitat e poboamento (aldeas relativamente grandes e concentradas pero pouco

² Tanto o campamento coma o balneario están fora do perímetro do Parque Natural, pero próximos a él. Polo tanto, forman parte dos elementos histórico-culturais que atraen ós visitantes destas terras, cuxos itinerarios inclúen a visita ó Parque Natural. O mesmo acontece con Santa Comba de Bande, Santa María a Real e Aquis Querquennis.


numerosas), un determinado parcelario e aproveitamento da terra (moi fragmentado, escaso, pouco produtivo e limitado ás valgadas onde o solo é máis profundo), e uns elementos folclóricos e etnográficos moi marcados pola condición montañosa e fronteira do Xurés. Neste apartado, temos que facer mención do lugar de Salgueiros, núcleo abandonado que a Xunta de Galicia está a recuperar con vistas a adicalo a actividades de educación e interpretación ambiental. O acceso a este núcleo e ó sendeiro que leva ata él está limitado, sendo necesario solicitar un permiso.



Fotografía Nº1. Baixa Limia-Serra do Xurés é un Parque Natural localizado nun territorio de media montaña fondamente rural que destaca polas agrestes formas de relevo e o predominio do mato na cuberta vexetal, mentres as masas forestais son en conxunto de reducidas dimensións. O Xurés é tamén unha terra de gran importancia histórica que deixou a súa pegada. Na imaxe, un tramo restaurado da Vía Nova ou Vía XVIII, unha das máis importantes da Hispania Romana, que pasaba por estas terras. Os restos de idade Romana son un dos maiores valores do Parque Natural.

Este Parque Natural é o espazo protexido de Galicia que, ata o momento, ten traballado máis intensamente a planificación e xestión do uso público. Conta cun Plan Reitor de Uso e Xestión desde 1997 (o único de Galicia ata o ano 2009 cando se aprobou o de Monte Aloia), asinou a Carta Europea de Turismo Sustentable, e conta coa distinción de Q de calidade turística³, elementos todos que falan da importancia que lle teñen dispensado os seus xestores ó manexo das visitas.

³ En datas recentes foille retirada a Q de calidade ó Parque Natural. Supoñemos que a existencia de certos problemas de xestión (dos que falaremos a raíz dos resultados das enquisas a visitantes) son a causa última deste feito.



2. O concepto de uso público e as ferramentas de investigación


É absolutamente necesario comezar a investigación tendo moi claro qué é o uso público en ENP, qué é aquilo que estamos a estudar. A definición mais comunmente aceptada é a proposta polo organismo EUROPARC, que é a seguinte:

“Conjunto de programas, servicios, actividades y equipamientos que, independientemente de quien los gestione, deben ser provistos por la Administración del espacio protegido con la finalidad de acercar a los visitantes a los valores naturales y culturales de éste, de una forma ordenada, segura y que garantice la conservación, la comprensión y el aprecio de tales valores a través de la información, la educación y la interpretación del patrimonio” (EUROPARC, 2005).

Extraese disto que o uso público está constituído por servizos e actividades concretas que deben estar apoiadas por uns equipamentos que permitan ofertalos e desenvolveselos adecuadamente, elementos que á súa vez deben estar sustentados por uns programas específicos que se encargarían de deseñalos. Deben ser necesariamente provistos pola Administración pública encargada do Espazo Protexido, independentemente de quen se encargue de xestionalos. A finalidade concreta que persegue o uso público, segundo esta definición, é a de dar a coñecer ós visitantes do ENP os valores que alberga, tanto naturais como culturais, de xeito que tales valores sexan entendidos e apreciados polo visitante a través da información, a educación e a interpretación do patrimonio, tres ferramentas relacionadas entre si que por vías distintas teñen a finalidade de facer que o visitante entenda e aprecie os elementos naturais e culturais do Espazo Protexido.

Unha vez vista a definición de uso público, concepto central deste traballo de investigación, pasamos a tratar as ferramentas empregadas. As finalmente elixidas foron as seguintes:

- a) Recollida e análise de datos estatísticos e descritivos a propósito do funcionamento do uso público nos Parques extraídos das Memorias de Xestión e/ou documentos similares.
- b) Aplicación dunha batería seleccionada de indicadores para a análise do estado da oferta de uso público. O listado de indicadores aplicado está directamente inspirado no proposto por EUROPARC para a avaliación do papel xogado polos equipamentos de uso público nos ENP (EUROPARC, 2006), do que algún deles foi eliminado, outros lixeiramente retocados e outros foron tomados doutras fontes. As circunstancias do Espazo Natural e da investigación marcaron, en última instancia, a lista final elixida.



c) Cuestionarios ós xestores do Parque. En concreto, foi realizado un cuestionario persoal ó Director-Conservador na que se pediu información e opinión a propósito dos máis diversos aspectos do uso público do espazo protexido, completada con outra enquisa á Técnica de uso público. O obxectivo último das entrevistas foi coñecer a visión destas persoas sobre o estado do uso público no Parque, e ó mesmo tempo extraer información para dar resposta ós indicadores seleccionados para estudar a oferta. As entrevistas foron realizadas previa cita mediante un entrevistador individual (o propio autor deste traballo) provisto de gravadora.

Enquisas ós visitantes do Parque Natural. A enquisa final foi realizada nos puntos de maior afluencia do Parque (entornas do balneario Vila Termal de Lobios-Vilameá, e a praia fluvial anexa sobre o Río Caldo), escollendo para realizalas tanto a tempada estival por ser a que atinxe maior cantidade de visitas (veráns de 2005, 2006 e 2009), como outras épocas do ano de menor afluencia para detectar posibles cambios no tipo de visitante (Outono de 2006). O tamaño final da mostra foi de 95 enquisas.

d) Observación persoal e traballo de campo. Varias das cuestións a investigar do uso público foron directamente estudadas e observadas mediante as visitas persoais ó espazo protexido.

3. Estudo da oferta e demanda de uso público

A análise consta de dúas partes. A primeira pretende estudar o uso público dende o punto de vista da oferta, ou para ser máis precisos, en base ó emprego de certos indicadores previamente elixidos “...*descriptores de la situación del uso público y de los equipamientos en los espacios protegidos*” (EUROPARC, 2006; P:36). A segunda parte centra a súa atención na demanda, nos visitantes dos ENP analizados tanto dende o punto de vista cuantitativo (cantos, cando e onde) como cualitativo (motivacións, actividades, opinións); neste caso empregando como ferramentas tanto enquisas persoais como informacións recollidas polo propio ENP nas súas Memorias anuais. Para unha mellor comprensión dos feitos investigados, incluimos un Plano de Uso Público do Parque Natural (vid. Fig. Nº 2).

3.1 Análise da oferta de uso público mediante indicadores

Recursos humanos

Número de persoas que traballan en uso público no ENP.

Resultado: O Director di que a práctica totalidade do persoal se adica a uso público nun momento ou outro (12 persoas), non a tempo total por suposto pero si cando é necesario. A tempo completo hai 4 persoas, incluída unha Técnica de uso público.




Fig. Nº2. Plano de uso público do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés

A Técnica confirma a información aportada polo Director no tocante a que a totalidade do persoal está involucrado no uso público cando é necesario, pero ascende a cifra de persoas a 30 en total. De xeito exclusivo traballan 4 ou 5 persoas (coincide coa cifra referida polo Director).

Valoración: moi positiva. O Parque dispón de persoal abondo para atender as necesidades de uso público e ademais bota man do resto do persoal do Parque nos momentos en que é necesario. O Director tamén considera que de momento, é suficiente para as necesidades do espazo.

Disponibilidade dun técnico de uso público; número de horas anuais dedicadas ó ENP.

Resultado: O parque dispón dunha Técnica de uso público. Traballa 40 horas semanais, é dicir, a tempo completo con xornada laboral normal.

Valoración: moi positiva. O Xurés dispón dunha Técnica de uso público traballando a tempo completo.

Oferta de equipamentos e servizos

Tipoloxía de equipamentos de uso público; número de equipamentos de cada tipoloxía en relación á superficie do ENP.

Resultado: Existen numerosas rutas de sendeirismo (un total de 14) e o Centro de Interpretación (vid. fotografía Nº 2), tamén varios miradoiros. Inclúese Salgueiros coas súas dependencias (local para universidade, albergue, aula da natureza, etc.; que aínda están sen rematar), un centro de xeomorfoloxía a punto de rematarse, varias áreas recreativas, e utilízanse equipamentos dos concellos (aula da natureza de Río Caldo). Tamén existe un Refuxio (O Pisco), na fronteira portuguesa (Pitões).

Valoración: **positiva.** O Xurés dispón de tódolos equipamentos mínimos esixibles. Ademais disto está a punto de poñer en marcha equipamentos novos que lle darán unha dimensión máis importante no contexto dos ENP galegos e mesmo españois. Este é o caso da aldea de Salgueiros, propiedade da Xunta de Galicia, e que en palabras do Director ostentará unha función múltiple: contará cun albergue para escolares e grupos organizados, unha aula da natureza similar ó Invernadeiro, centro de capacitación para impartir cursos, convenios con universidades para elaborar estudos e que os investigadores poidan aloxarse, contará tamén con restaurante, etc. Será pois un lugar de referencia dende o punto de vista educativo e científico cando se poña en funcionamento.

Lonxitude (en metros) dos sendeiros interpretativos por hectárea de superficie do ENP.

Resultado: Existen un total de 14 sendeiros. Varía a lonxitude entre 1,5 quilómetros como mínimo e 15 como máximo. En total suman case 120 quilómetros (118,9), que en proporción á superficie do ENP anterior á ampliación, supoñen cáseque 6 metros por hectárea (5,68). Dúas destas rutas son de acceso restrinxido polo alto valor ecolóxico dos lugares polos que pasan, polo que é requisito necesario solicitar un permiso para poder realizalas.

Valoración: **positiva.** O Parque Natural do Xurés cumpre con moita claridade os mínimos recomendados. Esta rede será ampliada en palabras do Director, que informa da previsión de implantar 2 sendeiros transfronteirizos e 1 para discapacitados, así como certas modificacións nalgunhas rutas (que partan de áreas recreativas equipadas con aparcamentos e servizos diversos).

Recursos económicos

Relación entre orzamento anual de uso público e orzamento total anual do ENP

Resultado: Supón en torno ó 60% do orzamento total.

Valoración: **moi positiva.** O orzamento de uso público acapara máis da metade dos fondos totais, unha cifra inusualmente elevada que sorprende moi positiva-

mente. O dato amosa que o uso público é o aspecto máis importante do ENP para os seus xestores. O Director considera que é suficiente para atender as necesidades do Parque nestes intres.

Planificación e programación

Número e tipos de plans e/ou programas de uso público ou relativos a uso público aprobados.

Resultado: Hai un novo PORN desde 2009 que recolle a ampliación do Parque con áreas contiguas de Natura 2000. O PRUX de momento segue sendo o de 1998; aprobarase un novo PRUX despois de que se faga oficial a ampliación do Parque. Hai tamén un Plan de Uso Público dende hai tres anos. A maiores, o Parque conta coa Carta Europea de Turismo Sustentable, con accións a 5 anos, Plan de Acción da Reserva da Biosfera, e Q de Calidade Turística. Hai un Plan INTERREG ata o ano 2010 que engloba análises de poboación, uso público e recursos naturais, entre outros. Hai tamén plans de conservación de certas especies: cabra montés, aguiá real.

Valoración: **moi positiva.** O Parque Natural do Xurés é o espazo protexido galego que conta cunha planificación máis completa. No momento de redactar estas liñas posúe a práctica totalidade dos documentos de planificación e xestión exis-



Fotografía Nº 2. O Centro de Visitantes do Parque Natural do Xurés está no núcleo urbano de Lobios. Daquela, non está no propio Parque senón nas inmediacións. Por mor disto, só coñecendo de antemán a súa situación se pode acceder a el xa que non está nos accesos ó Espazo Protexido.

tentes. A nivel nacional tamén ocupa un lugar de honra entre os espazos cunha planificación máis elaborada.

Identidade visual e comunicación coa entorna

Existencia de mecanismos de comunicación estables entre o ENP e as entidades, organismos e institucións vinculadas á xestión do ENP; tipoloxía destes mecanismos.

Resultado: Moitas das accións que realiza o Parque teñen que ser permitidas polos concellos, e a maiores está a Xunta Consultiva do Parque. Tamén se establecen contactos persoais.

Valoración: **positiva.** O Parque dispón de comunicación estable coas entidades e persoas que inflúen nel.

Frecuentación dos equipamentos

Número de usuarios anuais do Centro de Visitantes, das oficinas de información e das aulas da natureza en relación ó número de visitantes do ENP

Resultado: o Centro de Visitantes recontou no último ano dispoñible (2008) un total de 5.760 persoas. A proporción respecto ó total non se pode establecer posto que é tarefa moi difícil recontar os visitantes do Xurés ó ser un Parque aberto, con núcleos de poboación no seu interior e múltiples accesos.

Valoración: **inexistente.** Non se pode establecer o indicador por falta de datos (número total de visitantes do Parque descoñecido).

Acceso e accesibilidade a equipamentos e servizos

Dispoñibilidade de aparcamentos nos equipamentos para diferentes tipos de vehículos (turismos, autobuses, bicicletas, automóbil de discapitado)

Resultado: o Centro de Visitantes está no núcleo urbano de Lobios, polo que as prazas de aparcamento son as que existen na rúa. Nas áreas recreativas xestionadas polo Parque e nalgún inicio de rutas onde as condicións son favorables hai prazas diferenciadas para todo tipo de vehículos.

Valoración: **positiva.** O Parque oferta prazas de aparcamento para todo tipo de vehículos.

Porcentaxe de equipamentos accesibles a persoas discapacitadas.

Resultado: Non hai ningún. Só parcialmente o Centro de Visitantes (elevador para cadeira de rodas).

Valoración: **negativa.** Aspecto no que o Parque Natural debe traballar intensamente o antes posible.

Información, tópicos e mensaxes transmitidas

Número e listado de tópicos e outras informacións que ofertan os sendeiros interpretativos; porcentaxe de sendeiros que tratan cada tópico

Resultado: os paneis interpretativos dos sendeiros dispoñen de nome do sendeiro, mapa de localización, lonxitude, desnivel, grao de dificultade, recomendacións xerais sobre normativa, e anotacións sobre elementos naturais e culturais existentes no camiño.

Valoración: positiva. Os sendeiros contan coa información necesaria para informar e formar ós visitantes que desexan camiñar por eles. Bótase en falta unha anotación sobre o tempo estimado e un teléfono de emerxencias.

Participación

Existencia de voluntariado no ENP.

Resultado: Non hai programa de voluntariado.

Valoración: negativa. O Parque do Xurés, igual que o resto dos Parques galegos, deben potenciar as actividades de voluntariado como un xeito máis de achegar os problemas de xestión do medio á poboación e a importancia da súa conservación mediante unha participación activa.

Relación coa entorna

Relación do Parque coa poboación local

O Director opina que está asentada porque o Parque xa ten tras de sí unha longa traxectoria. Non hai pois problemas de importancia. A Técnica confirma esta apreciación e informa que a relación vai mellorando cada vez máis. Os tres concellos que veñen de entrar na xestión, de feito, estaban moi interesados en facelo.

Conflictos ou problemas entre uso público e conservación

Segundo o Director non hai problemas salientables. Os puntos máis sensibles do Parque, nos que habita a cabra montés ou aniñan as aguias, son respectadas polo visitante.

A Técnica, pola súa parte, advirte que non hai unha afluencia suficiente para que haxa problemas. Tan só a estrada a Portela de Home (afluencia dende Portugal cara as augas termais de Río Caldo), pero unicamente como impacto visual.

Conclusión

Visión sobre o estado do uso público por parte do Director e/ou do técnico.

Sobre o estado do uso público, o Director informa que no Parque estase a traballar na mellora da accesibilidade de sendeiros, os equipamentos están ben. Bótase en falta máis iniciativa privada (poucas empresas dedicadas a turismo na natureza). En xeral, a súa visión é positiva.

Para a Técnica, o estado do uso público é bo pero con aspectos a mellorar. O sistema de calidade permite controlar os equipamentos. A formación podería ser mais satisfactoria pero evoluciona.

3.2 Afluencia de visitantes

Con tódalas reservas necesarias por tratarse de cifras referidas a unha porción dos visitantes totais, pasamos a ver as características mais salientables da afluencia rexistrada no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Convén lembrar, para que non haxa dúbidas sobre a dimensión real dos datos manexados, que estamos ante un parque extenso con numerosísimas entradas, de xeito que a proporción de visitantes contados respecto ós totais é descoñecida e aventuramos dicir que pequena xa que moitos entran no Parque sen deterse en absoluto nin no Centro de Visitantes (que non está localizado nun lugar de paso obrigado) nin nos Puntos de Información.

A cifra de visitantes que figura nas Memorias de Uso Público do Xurés mantense relativamente estable nos últimos catro anos (vid. Fig. Nº 3). Tan só en 2006 experimentou un incremento destacado ata as 6.937 persoas, pero o resto dos anos oscila sempre na banda comprendida entre os 5.500 e os 6.000 visitantes. Este feito non ten por qué significar que no sucesivo o Parque non rexistre un incremento das visitas posto que os datos do Centro de Visitantes hai que tomalos con certa precaución, non tanto polo reparto mensual (que veremos despois) como polas cantidades absolutas e a evolución internanual. As instalacións non están no Parque senón no centro urbano de Lobios, que non é o único punto de entrada ó ENP e nen sequera é un lugar de paso obrigado: tan só é “obligatorio” para visitas concertadas. Este edificio unicamente é visitado por aqueles que de verdade se interesan en ir a el, mentres a gran maioría dos que entran e saen do Xurés non pasan por esta instalación.




Fig. Nº 3: afluencia de visitantes. Período 2005-2008. Fonte: Memorias de Uso Público do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Elaboración propia




Fig. Nº 4: afluencia mensual de visitantes. Promedio 2006-2008. Fonte: Memorias de Uso Público do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Elaboración propia



Fotografía Nº 3. O punto de máxima concentración de visitantes do Xurés está nas inmediacións da Vila Termal (Río Caldo). No mesmo lugar conviven dous tipos de ocio iguais e diferentes ó mesmo tempo. Ó fondo da imaxe, o balneario de catro estrelas no que os hóspedes disfrutan relaxadamente das augas termais. En primeiro plano, a praia fluvial de Río Caldo, de acceso libre, na que grandes multitudes de visitantes (case todos portugueses) disfrutan do sol e do baño no río e nas augas termais que tamén alí brotan. Nin os hóspedes do balneario nin os bañistas portugueses manifestan grande interese por coñecer o Parque Natural.

En canto ó reparto mensual da afluencia, unha marcada estacionalidade estival das visitas é a característica sobranceira das cifras medias obtidas para o período 2006-2008 (vid. Fig. Nº 4). Agosto é o mes que rexistra o máximo anual destacado con 1.787 visitas, seguido a certa distancia por Xullo con 1.061. Os dous meses sumados aportan o 42% das visitas anuais en promedio. O resto quedan moi atrás. A primavera está lixeiramente por riba do outono (Abril-Maio-Xuño suman 1.464 visitantes mentres Setembro-Outubro-Novembro fican con 1.340). Non hai datos para o primeiro trimestre (Xaneiro-Marzo) porque segundo a Memoria, os Puntos de Información estiveron pechados. Estas características xa foron suliñadas por estudos previos sobre esta cuestión (DE UÑA et al, 1999; BADÁS, 1999; CABALAR, 2010).



Fotografía Nº 4. Os comportamentos de moitos destes visitantes son lamentables. A imaxe superior fala por si soa: unha papeleira baleira rodeada de lixo tirado no chan. Este tipo de actitudes son desgraciadamente moi habituais nas entornas de Río Caldo e amén de deteriorar o medio ambiente, danan gravemente a imaxe do Parque Natural. Urxe tomar medidas para frear estas condutas.

3.3 Características da demanda segundo os resultados das enquisas ós visitantes

Este apartado estudará o resultado da enquisa ós visitantes do Parque Natural, na que se reflicte de forma satisfactoria o perfil dos mesmos tanto en canto a motivacións da visita como a actividades desenvolvidas e opinións sobre o Parque e a visita

en sí, amén do perfil sociolóxico habitual dos inquéritos de investigación social como este. A enquisa final constou de 26 preguntas, pero por cuestións de espazo imos limitarnos a facer unha escolma das cuestións de maior interese para a investigación. O resultado completo da enquisa e o seu estudo en profundidade poden consultarse na Tese de Doutoramento de onde parte este traballo (CABALAR, 2010).

É a primeira vez que visita este lugar?

Os datos conxuntos das tres enquisas mostran un virtual empate entre os visitantes que declaran estar no Xurés por vez primeira (51,6%) e os que afirmaron estar en ocasións anteriores (48,4%). Porén, a situación muda dependendo do perfil dos enquisados. Naqueles cuestionarios que centraron a súa atención nos bañistas portugueses demandantes das augas termais anexas ó balneario son claramente dominantes os casos de respostas negativas a esta pregunta. Pola contra, cando foron os usuarios do balneario os enquisados principais (outono de 2006 e verán de 2009) as respostas afirmativas foron lixeiramente superiores ás negativas. Somos conscientes de que se trata dunha opinión un tanto esaxerada, xa que a diferenza entre as dúas versións é moi escasa.

A primeira vez que visitou o lugar, cómo soubo vostede da súa existencia?

Nesta pregunta as pautas son mais claras. O “boca a boca” (opción *familiares-amigos*) funciona como medio de información principal con moita claridade (43,4% das mencións entre as tres enquisas). Polo demais, hai un reparto de mencións entre varias das outras opcións onde imos destacar algunhas. Por unha banda, unha non contemplada no cuestionario pero repetidamente citada polos bañistas portugueses: *de pasar* (9% das citas). Esta opción manifesta coñecemento do lugar a través da curiosidade: en incursións ó lado español atopáronse con estas augas termais de acceso gratuíto (escasísimas en Portugal, por certo), e gustaron delas. Outra opción bastante mencionada foi *coñezo de toda a vida* co 11,1% das citas, pero que supón unha porcentaxe bastante escasa en comparación dos outros casos estudados. A explicación é sinxela: o Xurés constitúe un espazo rural de montaña pouco poboado, de maneira que a poboación visitante da contorna ten que ser por forza pouco numerosa. Por último, citar que a opción *Internet* suma o 8% das citas, de xeito que a rede, tal como se mencionaba nas Memorias de Uso Público, xoga un certo papel na difusión do Parque Natural que xustificou a creación da súa páxina web.

Cal é o principal motivo polo que decidiu visitar este lugar?

Dado o tipo de visitante obxecto de enquisa, as respostas a esta pregunta son as agardadas: procura de tranquilidade (*pasear e estar tranquilo* suma o 28,1% das mencións), a toma de baños relaxantes e beneficiosos para a saúde tanto no río coma no balneario (a opción *outros* recolleu outro 28% de mencións relacionadas con estes asuntos), amén dunha curiosidade por descubrir o lugar (*coñecer mellor*

a zona obtén o 13,3% das mencións), e de paso apreciar e disfrutar da beleza da entorna (*contemplantar a paisaxe* atinxe o 10,4% das citas).

Qué actividades realizou durante a súa visita?

Os resultados gardan relación directa cos da pregunta anterior (vid. Fig. Nº 5). *Pasear e estar tranquilo* encabeza as mencións co 29,4% das citas en total, seguido por diversas actividades de baño de disfrute no río e no balneario (24% de citas diversas relacionadas con este asunto), e por *contemplantar a paisaxe* co 13,9% das mencións (vid. fotografía Nº 3). Polo demais, paga a pena suliñar outras citas pola información que aportan mais alá das tendencias xerais. A opción *realizar unha ruta de sendeirismo*, que suma o 10,2% das mencións, fai case sempre referencia a persoas que deciden realizar total ou parcialmente a Ruta da Corga da Fecha, unha das mais coñecidas do Parque e que ten o seu inicio moi preto do balneario. Precisamente ligada a isto, as mencións a *ver algún elemento natural concreto* (suman o 5,9%) refírense á ferverza de Corga da Fecha. Os datos de 2009 semellan amosar un maior número de persoas que manifestan ter visitado algún monumento histórico (outro 5,9% das mencións, a gran maioría de 2009), outro dos atractivos importantes do Parque Natural. Neste punto, convén lembrar que a Memoria de Uso Público de 2008 anuncia unha maior tendencia a que as visitas interesadas no Parque en si mesmo e os seus atractivos sexan mais numerosas.

RUDESINDUS

miscelánea de arte e cultura





Fig. Nº 5. *Qué actividades realizou durante a súa visita?*

Que lugares do Espazo Protexido visitou?

Unha vez mais, o perfil dos enquisados define o resultado da pregunta (vid. Fig. Nº 6). As mencións a Río Caldo son as mais numerosas (24% das totais), mesmo



como lugar único (bañistas portugueses), algo lóxico tendo en conta que só acoden para desfrutar no río. O balneario, pola súa banda, concentra o 11,6% das citas. En canto ó resto de lugares sinalados polos visitantes, están repartidos entre varios puntos entre os que predominan con claridade os xacementos romanos (15,5% das citas). O importante patrimonio da época Romana está, por fin, a facerse mais evidente para os visitantes destas terras como un elemento icónico digno de aprecio. O resto de mencións están repartidas entre localidades próximas, algún elemento natural próximo (Corga da Fecha é citada polo 9,3%) e lugares de importancia histórica ou monumental. Por último, existe un número significativo de persoas que dixeron expresamente non teren visitado nada (9,3% das mencións en total), sen citar sequera o balneario ou o río no que estaban nese intre, polo que se confirma que hai moitas persoas con actitude absolutamente pasiva que só se interesaron por estar no balneario e/ou no río.




Fig. Nº 6. Que lugares do Espazo Protexido visitou?

Que é o que mais lle gustou do Espazo Protexido?

As respostas permiten detectar doadamente o afán de tranquilidade e relax en contacto cunha contorna natural esteticamente atractiva (vid. Fig. Nº 7). Nesta dirección apuntan as citas a *natureza* (21,5% das mencións), a *paisaxe* (15,7% en total), e a *tranquilidade* (tamén o 15% das mencións), aparte doutras de menor importancia que indirectamente se asocian ás anteriores como poden ser as alusións mais vagas á contorna ou ó ambiente e ó relevo esgrevio e montañoso. A isto hai que engadir o lóxico interese pola auga e o río (12,4% das citas, case todas dos portugueses). A pasividade e a falta de interese extrema dalgún dos enquisados chega ata tal punto que o 7,4% das citas non sinalaron nada en concreto que lles gustase.




Fig. Nº 7. Que é o que mais lle gustou do Espazo Protexido?

E o que menos lle gustou?

No Xurés volvemos cumprir o principio de que os visitantes de contornas naturais en xeral non acostuman a queixarse en exceso da visita, e de aí a elevada cifra de persoas que non manifestaron desagrado por nada (42% en total), aínda que tamén se relaciona co desinterese polo Parque que xa se viu antes. Entre as deficiencias observadas, de novo non hai un elemento concreto que suscite as críticas pero sí se pode ler entre liñas unha temática de fondo: sensación de descoido e de sucidade. As citas relacionadas con lixo, abandono, etc. son bastante importantes en xeral. En total suman o 24% das mencións entre as que incluimos as relacionadas coas infraestruturas e mesmo co aspecto xeral do Parque, con mencións ós incendios e mesmo unha (algo inaudito en tódalas enquisas realizadas para a tese) que afirma que o Parque Natural non merece tal categoría. Non falta quen observa o problema de masificación en Río Caldo (7% das mencións). En honor á verdade, o traballo de campo si amosou problemas desta índole, sobre todo de sucidade e abandono que, con todo, non son moi numerosos e fican espacialmente concentrados, de xeito que son doados de solucionar (vid. fotografía Nº 4).

Cómo valora os seguintes aspectos do Espazo Protexido?

Nesta pregunta solicitouse ós entrevistados que calificasen determinados aspectos do Parque Natural entre 1 (máxima insatisfacción) e 5 (máxima satisfacción).

O asunto mais chamativo desta pregunta foi a elevada taxa de non resposta. Neste contexto chama a atención o caso do Centro de Visitantes, do que case non

se obtiveron valoracións. A razón é simple: non está nun punto de paso obrigado e fica relativamente apartado do lugar onde se fixeron as enquisas, xa que está localizado no núcleo urbano de Lobios, polo que gran parte dos entrevistados non o coñecían. Polo demais, as opinións que se manifestaron respecto a tódolos elementos non son demasiado favorables (vid. Fig. Nº 8). En tódolos apartados aparecen calificacións de 1 e 2 puntos e na maioría dos casos as valoracións de 5 están superadas polas de 4 e mesmo polas de 3, o que explica que ningún dos apartados sometidos ó xuízo dos visitantes chegue a 4 puntos de nota media. Mesmo na opinión sobre o grao de conservación do ENP as notas de 4 superan claramente ás de 5 (31 mencións contra 20) e a nota media, xa que logo, fica en 3,7 puntos. Está claro que no Xurés hai un importante problema de xestión e mesmo de conservación, alomenos no que respecta ó sector inmediato a Río Caldo e ó balneario, tendo en conta as discretas valoracións dos enquisados. Pensamos que os responsables deben tomar medidas e paliar as deficiencias e os impactos que deterioran estes lugares e poñen en risco a imaxe social do Xurés.




Fig. Nº 8. *Cómo valora os seguintes aspectos do Espazo Protexido?*

En liñas xerais, quedou vostede satisfeito coa visita?

As mellores calificacións atópanse nesta pregunta (vid. Fig. Nº 8), a única que supera os 4 puntos de media (4,09). Porén, a existencia de problemas está clara de novo porque as puntuacións de 4 superan as de 5 (40 mencións contra 32). Iso sí, a diferenza do que pasaba cos aspectos preguntados na pregunta anterior, as notas inferiores a 4 son moi pouco significativas. Polo tanto, volvemos lembrar que, a pesares de todos os problemas e deficiencias que poden existir, *a natureza nunca decepciona* e sempre deixa un recordo agradable no visitante.

Municipio de residencia

O resultado é moi curioso (vid. Fig. Nº 9). Deixando para o final o estudo dos visitantes portugueses (que case desaparecen nas quedas de outono e verán de 2009, por certo), a maioría dos que se achegan son galegos (un total do 52,1% das persoas). A presenza de xentes do resto de España é moi pouco importante (o 19,1%). Pero tamén hai curiosidades na orixe dos galegos. A gran maioría son das provincias de A Coruña e Pontevedra, mentres os da propia provincia de Ourense son case anecdóticos (apenas 9 en todas as enquisas). Está claro que a sona do balneario e do Parque ten eco en Galicia pero moi pouco aínda no resto de España.

Tocante ós visitantes de Portugal (28,7% en total, dos que case todos corresponden á enquisa de verán de 2006), a maior parte son oriundos do Norte do país, como é de agardar polo factor proximidade, mais sorprende a presenza bastante significativa de visitas do Centro-Sur, a notable distancia do Xurés. Cremos que son habituais visitantes do termalismo de Peneda-Gerês (con eco nacional no país veciño) que derivaron posteriormente ó lado galego polo encarecemento dos prezos nos balnearios lusos e a falta de augas termais de acceso libre.





Fig. Nº 9. Municipio de residencia

Con quen acudiu a este Espazo Natural?

A diferenza sociolóxica e de motivación aparece de novo na última pregunta da enquisa. Os grupos familiares suman o 33% das mencións, mentres que as parellas atinxen un total de 46,4% das citas sendo totalmente hexemónicas no verán de 2009 (19 mencións sobre 25). As primeiras correspóndense sobre todo cos bañistas



portugueses, e o segundo cos hóspedes do balneario. Os grupos de amigos suman o 18,5% das mencións.

Conclusión das enquisas ós visitantes

O Parque Natural do Xurés, malia poñer en marcha un ambicioso entramado planificador do uso público, ten un problema importante de imaxe que as enquisas a visitantes poñen de manifesto. Nos lugares mais frecuentados do Parque, os visitantes non manifestan a penas interese por coñecer o lugar e os seus atractivos, salvo certas excepcións, que prestan atención ós elementos de orixe romana e a algúns aspectos concretos do medio natural. Pero a gran maioría das persoas enquisadas só teñen como obxectivo o repouso e o lecer nun punto determinado, ben sexa o balneario ou a praia fluvial anexa. A isto hai que engadir os impactos provocados por actitudes pouco cívicas dalgúns visitantes, que non pasan desapercibidas nas enquisas e deterioran a imaxe do Espazo Natural. A recente perda da Q de Calidade Turística pode ter moita relación con este asunto, e convén que os xestores tomen medidas urxentes para corrixilas.

4. Conclusións

O Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés destaca, sobre todas as cousas, por dispor da planificación máis avanzada de tódolos Espazos Naturais Protexidos de Galicia. A totalidade dos documentos establecidos pola lei están neste Parque, e mesmo conta con outros de suscripción voluntaria que indican o seu interese por unha xestión de calidade (Carta Europea de Turismo Sustentable, Q de Calidade Turística). Porén, o traballo de campo e as enquisas a visitantes demostraron que unha esmerada planificación e unhas miras ambiciosas e rompedoras non implican necesariamente que desaparezan os problemas de funcionamento

Como vimos ó longo do traballo, este Parque ten problemas evidentes de imaxe e comunicación. As enquisas do traballo de campo deixaron moi claro que un grande volume de visitantes non amosan interese por coñecer o Parque Natural. Antes ó contrario, acoden a lugares determinados e case non saen deles a coñecer, a explorar. Por se fose pouco, a imaxe do ENP que teñen estas persoas non é demasiado positiva. Percíbese un certo descoido no mantemento en xeral, e mesmo problemas de conservación do medio natural. Os resultados do traballo de campo amosaron que si hai razóns para o descontento, que tiveron a súa repercusión na perda da Q de Calidade en datas recentes. Velaquí un toque de atención para os xestores, que deben traballar para corrixir os problemas canto antes se queren cumprir os ambiciosos obxectivos que se plantexaron.

O Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés é un espazo de importante bagaxe histórica que deixou a súa pegada indeleble no territorio. Foi tamén espazo de gran-

de importancia na vida e obra de San Rosendo, que o percorreu durante a súa vida en varias ocasións, como todas estas terras ourensás que tanto lle deben. Os xestores do Parque teñen pois o mandato de coidar con esmero o seu rico pasado e traballar en prol dun uso público de alta calidade que non fiquese ancorado nas boas intencións dunha visión ambiciosa que non remata de poñerse en práctica plenamente.

Bibliografía

- BADÁS FERNÁNDEZ, J. (1999): “Incidencias da política de protección medioambiental no mundo rural. O exemplo do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés”, en *Actores sociais e factores de cambio no medio rural*, Servizo de Publicacións, Universidade de Vigo. 325 pp.
- BANDE RODRÍGUEZ, E. (2006): *San Rosendo: a súa vida e a súa obra*. Ourense, Duen de Bux. 80 pp.
- CABALAR FUENTES, M. (2010): *O uso público nos Espazos Naturais Protexidos de Galicia: diagnose e propostas de acción*. Universidade de Santiago de Compostela, Tese de Doutoramento (CD-ROM).
- DE UÑA ÁLVAREZ, E; GONZÁLEZ CAÍÑA, J. (1999): “Valoración de la demanda estival en el Parque Baixa Limia-Serra do Xurés (Galicia-No Peninsular)”, en VENTURA, J.E. (Coord.): *Actas del VIII Coloquio Ibérico de Geografía*, Departamento de Geografía e Planeamento Regional, Universidade Nova de Lisboa, pp 369-374.
- EUROPARC-España (2005): *Manual sobre conceptos de uso público en los Espacios Naturales Protegidos*. Fundación Fernando González Bernáldez, Madrid. 94 pp.
- EUROPARC-España (2006): *Evaluación del papel que cumplen los equipamientos de uso público en los Espacios Naturales Protegidos*. Fundación Fernando González Bernáldez, Madrid. 96 pp.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, I.; FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, R.; SALVADORES RAMOS, R. (1995): *Guía de espacios naturais de Galicia*. Editorial Galaxia, Vigo. 250 pp.
- PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E.; GÓMEZ BLANCO, A. (2007): *Un viaje por las sendas de San Rosendo*. Ferrol, COPE Ferrol-Cariño. 160 pp.
- Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés (aprobado por Decreto 64/2009, de 19 de Febreiro).
- Plan Rector de Uso e Xestión do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés (aprobado por Decreto 155/1998, de 28 de Maio).
- XUNTA DE GALICIA (2006): *Plan de uso público do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés*. Consellería de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Santiago de Compostela. 25 pp.

